

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. A. Cidrás Escáneo (2008): “Funcións semánticas marcadas como obxecto directo”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 415-423.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

FUNCIÓNS SEMÁNTICAS MARCADAS COMO OBXECTO DIRECTO

Francisco A. Cidrás Escáneo

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. A noción de función sintáctica ocupa un lugar central en grande parte dos modelos gramaticais contemporáneos e tamén na concepción escolar e tradicional da gramática, pero é o certo que o interese por ela é sorprendentemente recente: converteuse nunha noción fundamental ao mesmo tempo que se ía fundamentando, ás veces de maneira notoriamente precaria. Na gramática clásica a función sintáctica non era un concepto descoñecido, pero si marxinal, pois considerábase máis próximo á retórica ou á lóxica que á gramática, conforme o xeito en que esta se concibía naquela altura. Con esta mesma 'eiva' reaparece nos albores da gramática moderna, en Port Royal, a saber: limitada ao dobrete *suxeito* vs. *predicado* e concibida como unha categoría lóxica —'aquilo de que se fala' vs. 'o que se di acerca dalgo'.

Así entendidas as funcións como propiedades de toda proposición lóxica, esta dupla categorización non deixa residuos na análise (todo na oración forma parte ou do suxeito ou do predicado) e por iso constituíu un obstáculo durante moito tempo para a identificación de novas funcións (Ducrot 1972) e para a súa consolidación como unha noción propiamente gramatical. Será só na fin do século XVIII cando se comece a superar esta visión, coa introdución da noción de *complemento* a partir dos traballos de Dumarsais e de Beauzée para a *Encyclopédie*, e o subseguinte proceso de identificación dos distintos tipos de complementos (Chevalier 1968). Se a fundamentación das nocións de suxeito e predicado era lóxica ou retórica, a do complemento será de orde semántica: chamarase así toda expresión que sirva para completar o sentido da palabra a que se agrega.

Aos poucos, consonte a gramática se consolida como disciplina autónoma, vaise tornando máis importante a clarificación da ‘estrutura material’ mediante a que identificamos estas nocións (i.e., marcas como a concordancia, o caso, as adposicións ou a orde de palabras), cunha perspectiva agora formal ou estritamente sintáctica, que se suma ás anteriores, integradas á súa vez ao se concibiren como compatibles.

A centralidade que acada finalmente a noción de función, nomeadamente a partir do funcionalismo praguense, e o conseguinte afondamento nas súas propiedades, acaba por poñer de manifesto o ilusorio desa compatibilidade, a heteroxeñidade do amalgamado e a necesidade de xebrar o concepto nunha noción multinivel (nomeadamente desde Daneš 1964): chegamos así á coñecida segregación da noción tradicional de función sintáctica en funcións pragmáticas, semánticas e (stricto sensu) sintácticas, mantendo a orde aproximadamente correlativa aos criterios antes indicados. Demóstrase a pertinencia das nocións ‘novas’ (funcións semánticas e pragmáticas), presuponse a da ‘vella’ (a función sintáctica, concibida como herdeira da noción tradicional) e próbase que actúan en niveis distintos, de xeito que só é posible identificar certas tendencias estatísticas na asociación de funcións (e.g., o Suxeito tende a ser Axente e asemade Tema), pero sen presentaren eses agrupamentos unha solidariedade indisoluble. O proceso susténtase na evidencia empírica de que unha mesma función sintáctica pode corresponderse con distintas funcións semánticas (e pragmáticas) e así sucesivamente con todas as combinacións.

A función sintáctica con que case sempre se exemplifica a necesidade desa separación de niveis é a de Suxeito: as construcións pasivas e as activas con predicados que non expresan acción (e.g. *O home foi detido*, *A nena caeu*) son plataforma idónea para evidenciar que o SU non é ‘o que realiza acción’, como o son as tematizacións non-pasivas para demostrar o inadecuado de definicións do tipo ‘SU é aquilo do que se fala’ (e.g. *O home detívoo a policía*, en que de quen falamos é *do home*, que é o OD). O SU é daquela unha función sintáctica porque poden funcionar como tal diversas funcións semánticas e porque non ten por que ser o Tema da oración, por máis que moitas veces coincida con esa función pragmática. Deixando agora de banda a correlación coas funcións pragmáticas (que teñen coas sintácticas unha relación máis laxa), a pedra de toque que xustifica a identificación das funcións sintácticas como unha entidade diferenciada consiste en que unha mesma marca de expresión (e.g., a concordancia verbal en número e persoa no caso do SU) é unha figura coa que teñen que poder identificarse varias funcións semánticas, que á súa vez poden estar noutros casos codificadas a través

doutras marcas, é dicir, doutras funcións sintácticas. Consonte este criterio, OD e OI serían funcións sintácticas en tanto que se distinguen con marcas semanticamente polivalentes, que identifican varias funcións semánticas, e non o serían por exemplo os diferentes CC, etiqueta-colector do que de seu son múltiples funcións semánticas con cadansúa marca de expresión propia, non-polivalente.

2. Nesta contribución, centrareime no OD, presentando o repertorio de funcións semánticas que poden aparecer codificadas mediante a marca que identifica un sintagma como OD: a concordancia mediante o clítico de acusativo. Cómpre, porén, clarificar en primeiro lugar unha cuestión de orde previa. O requisito esixido refírese á capacidade de expresar diferentes funcións semánticas, non a de presentar diversos valores semánticos, que é cousa distinta. Os constituíntes que integran calquera predicación poden expresar innumerables valores semánticos, clasificables segundo todo tipo de criterios e de graos de especificidade á completa discreción de quen clasifica; mais o que se diferencia así son valores de substancia do contido. As funcións semánticas, como entidades da forma do contido, son relevantes na descrición gramatical só en tanto que serven para dar conta daquelas similitudes e diferenzas no significado dos predicados que se reflicten dalgún xeito na forma de expresión sintáctica das construcións a que dan lugar eses predicados: situámonos pois na proxección da semántica sobre a sintaxe. Sen esa repercusión na estrutura sintáctica da construción non se pode soste a pertinencia dunha función semántica na gramática dunha lingua¹.

A principal eiva inherente a este tipo de noción consiste na falta de acordo no establecemento do repertorio de funcións semánticas necesarias, con propostas que van desde só tres básicas ata varios centos (Mora 2001), e a tendencia crónica á súa proliferación, sobre todo no caso dos constituíntes circunstanciais ou adxuntos (García Velasco 2003:126). As máis das veces esa proliferación ten que ver co diverso grao de especificidade con que os roles semánticos se (sub)dividen, o que Dowty (1991:553) denomina “role fragmentation”: aquilo que para un autor é unha función, eventualmente con diversos valores, para outro son dúas ou tres ou cinco funcións distintas... As implicacións teóricas desta eiva son enormemente complexas e caen de certo fóra do ámbito dunha contribución como a

1 Esta contraposición entre *funcións semánticas* e *valores semánticos* é análoga á que F. Palmer (1994:4-6) fai entre *grammatical roles* e *notional roles*. Estes últimos (valores semánticos) son entidades noionais, independentes das linguas e non definibles (nin enumerables) de maneira precisa: “notional roles may be seen as the exponents or realizations of grammatical roles or as being expressed by grammatical roles”. Os roles gramaticais (funcións semánticas) son categorías funcionais específicas de cada lingua, limitadas no seu número e identificables polas súas repercusións formais.

presente, mais reitero a idea de que a pertinencia das funcións nace da súa necesidade para dar conta de diferenzas (no plano da expresión) na estrutura sintáctica das construcións nunha lingua dada, asociadas a algunha diferenza de contido.

Consonte estas premisas, coa figura de OD podemos atopar codificadas as seguintes funcións semánticas —todas elas asociadas a determinadas propiedades construtivas de (determinados tipos de) predicados e todas elas asemade codificables a través doutras marcas/figuras sintácticas distintas do OD:

- Meta (Met): *Os obreiros construíron a ponte. O cazador matou un lobo.*
- Cantidad (Cant): *A película dura dúas horas. A árbore mide trinta metros.*
- Referencia (Ref): *Eu coñecía as súas intencións. O coloquio segue á película.*
- Causante (Caute): *O can sentiu o tremor. O avó sofre unha doenza crónica.*

A de Meta ou Paciente é, con moita diferenza, a función semántica máis habitual no OD. De feito, os OD de Cant e Ref (e tamén Caute, en menor medida) teñen un comportamento moi pouco prototípico, que chega mesmo a poñer en causa a súa condición de complementos de Obxecto. Asemade, as oracións en que aparecen estes complementos directos atípicos expresan estados (con Cant e Ref) ou procesos (con Caute), e a transitividade adoita caracterizarse nuclearmente sobre o molde das accións, tomando como construción modelo [(SU/Ax)–V–(OD/Met)]. Presentarei os diferentes tipos semánticos de OD por orde inversa á súa prototipicidade.

3. OD de Cantidad. Este OD aparece basicamente cos verbos de medida (e.g. *medir, pesar, durar, custar, valer, distar*), que seleccionan como segundo argumento unha entidade que indica a medida, grao ou intensidade do evento, nunha determinada magnitude. A predicación resultante designa un estado non-controlado. Non deben confundirse cos usos que algúns destes verbos teñen como accións, cun OD Meta prototípico:

- A árbore(Ø) mide *trinta metros*(Cant) [Estado]
Cfr.: O leñador(Ax) mide *a árbore*(Met) [Acción]
- A costeleta(Ø) pesa *medio quilo*(Cant) [Estado]
Cfr.: O carnicero(Ax) pesa *a costeleta*(Met) [Acción]
- A película(Ø) dura *tres horas*(Cant) [Estado]
[Cfr.: *durar* carece de correlato de acción]

Trátase do único caso en que un circunstante, aínda sendo argumental, é presentado como OD e non como CCIR. Cando menos iso é o que parece mar-

car o clítico de acusativo que amosan: *Os trinta metros mediunos; O medio quilo pesouno; As tres horas durounas*. Porén, estas construcións non admiten transformación pasiva, polo seu carácter estativo e o seu escaso perfil transitivo (Cidrás 1999:314-5). Ademais, o complemento de Cant só admite sen problema o clítico de acusativo cando é unha FN nucleada por unidades de medida (*Dura tres horas; Custa dez euros*), pero non cando é un adverbio, categoría inhábil para funcionar como OD (*Dura / custa moito / pouco* → **Dúrao / *Cústao*), nin mesmo cando é unha FN que non contén unidades de medida e non ten daquela unha interpretación cuantificacional ineludible (*Durou toda a mañá* → **Durouna; Custoulle unha multa* → *?Custoulla*; pero *Custou moitos esforzos* → *Coustounos*).

Ademais dos verbos (estativos) de medida, tamén outros admiten eventualmente complementos non-argumentais de Cant. Poden ser verbos que expresen todo tipo de estados de cousas: estados (*Pasou varios meses en coma*), posicións (*Residiu tres anos en París*), procesos (*Caeu vinte metros por un barranco*) ou accións (*Conduciu dous quilómetros sen freos*). Estes complementos non-argumentais de Cant presentan un comportamento inestable en canto ao seu tratamento sintáctico. Por unha banda tenden a adoptar o comportamento dos argumentais: ao xeito dun OD, poden inducir a presenza do clítico de acusativo se o verbo é transitivo. Por outra banda, poden tamén aparecer marcados con preposición e non clitizar, conforme o comportamento propio dos CC:

Conduciu dous quilómetros sen freos	Conduciunos	[OD]
Conduciu durante dous quilómetros sen freos	*Conduciunos	[CC]

Estes complementos non-argumentais de Cant tamén non clitizan, loxicamente, se o verbo de que dependen é inacusativo ou se, sendo transitivo, xa ten ocupada a posición do OD, casos ambos en que non cabe, daquela, a súa interpretación como OD:

Caeu vinte metros por un barranco	*Caeunos	[CC]
O camión conduciu dous quilómetros sen freos	*Conduciunos	[CC]

4. OD de Referencia. Este peculiar tipo de OD aparece con con dúas clases de verbos ben diferenciadas: os de coñecemento (tipo *saber, coñecer*) e os de orde ou posición (tipo *preceder, seguir*), en predicacións que designan eventos non-dinámicos, sexan controlados ou non (é dicir, estados ou posicións). Uns e outros seleccionan como segundo argumento un constituínte Ref, que designa a entidade verbo da cal se sostén que existe a relación expresada polo predicado. Trátase como no caso anterior, dun OD pouco prototípico dentro dun esquema semántico transitivo tamén atípico:

Todos(Pos) coñecen o problema(Ref) [Con relación ao problema, todos están informados]

O coloquio(Ø) segue á película(Ref) [Con relación á película, o coloquio é despois]

Estas dúas estruturas admiten unha construción aparentemente pasiva, co verbo transformado en “*ser* + participio” e o primitivo SU convertido nalgo moi parecido a un Complemento Preposicional de Pasiva (ou Complemento Axente, na terminoloxía tradicional): *O problema era coñecido de/por todos. A película foi seguida de/por un interesante coloquio*. Porén, estas estruturas non son de seu pasivas: como poñen de manifesto numerosas peculiaridades súas pouco compatibles coa noción de pasividade (vid. Cidrás 1999:317-9 para os detalles), trátase en realidade de contrucións atributivas, de predicado non-verbal, cun sentido pasivo que procede só do contido léxico do predicado —*coñecido, sabido, seguido, precedido*, etc. Sintacticamente non hai, pois, aí construción pasiva. Estas estruturas non admiten pasivización por mor da súa condición estativa, á que se asocia o seu baixo perfil de transitividade e o carácter pouco prototípico destes OD Ref.

Ademais, no caso dos complementos de Ref cos verbos de orde, a marca clítica que presentan oscila vacilantemente entre a forma de acusativo e a de dativo, e amosan asemade unha forte tendencia a levaren marca preposicional *a*, o que constitúe unha mostra máis do carácter periférico e non prototípico destes complementos de OD, estremeiros cos OI:

Á película séguelle / séguea un interesante coloquio.

Ao coloquio precédelle / precédeo a proxección dunha película.

5. OD Causante. A maioría dos predicados que expresan un proceso interno (i.e., que se desenvolven dentro ámbito da entidade que ocupa a posición de primeiro argumento, Experimentador) son monovalentes inacusativos —e.g. *arder, morrer*. Algúns, porén, son bivalentes, co esquema semántico Exp-Caute. En efecto, o segundo argumento introduce a entidade que desencadea o proceso que experimenta o primeiro. A este esquema semántico correspóndenlle en galego dous posibles esquemas sintácticos, segundo o verbo de que trate:

a. (Exp/OI)–V–(Caute/SU) Ex.: *A Luísa encántalle a música clásica*

b. (Exp/SU)–V–(Caute/OD) Ex.: *Luísa ama a música clásica*

O primeiro esquema é unha construción sintacticamente anómala, moi característica deste tipo de predicados en certas linguas (como o galego, mais imposible noutras). A construción é bivalente pero carece de OD e asígnaselle función SU ao segundo argumento. Certos predicados, porén, adoptan a estrutura sintáctica habitual SVO (aínda que inhabitual neste grupo de verbos en galego), resultando así un OD Causante. Aínda que este é o esquema xeral das linguas que rexeitan a construción (a), como por exemplo o inglés, en galego revélase

como unha estrutura que ocorre restritivamente con certos verbos que expresan afección sensorial (como *oír, ver, percibir* ou *sentir* ('captar sensorialmente')) ou anímica (como *amar, sufrir, odiar, necesitar* ou *sentir* ('lamentar')). Exs.: *O can sentiu o tremor; O avó sofre xaquecas; Luísa odia o fútbol*, onde, repárese, o tremor desencadea a percepción sensorial do can, as xaquecas o sufrimento do avó e o fútbol o odio de Luísa.

Aínda que o Cauté non é unha función semántica moi habitualmente considerada (non aparece, e.g., no repertorio da GF de Dik, que tomo como modelo próximo), coido suficientemente acreditable a pertinencia da súa identificación, pois aparece asociada a determinadas construcións para a identificación das cales e das súas propiedades resulta necesaria. Aínda que non baixo a forma sintáctica de OD, senón como SU, o Cauté aparece tamén nos predicados derivados causativos, tanto na súa forma canónica (*facér+inf: A mestra fixo calar os nenos*) como no caso dos verbos transitivados por extensión de valencia (e.g. *O xeneral avanza as súas tropas; O neno baila a buxaina / voa o papaventos*)². Desde logo, non debe confundirse esta función semántica argumental Causante coa non-argumental Causa, sintacticamente tratada como un adxunto CC (*O avó sofre por culpa das xaquecas; Por orde do xeneral avanzan as tropas*).

6. OD Meta. Trátase do tipo esmagadoramente maioritario no conxunto dos OD, e o único que semanticamente pode ser visto como Obxecto e tamén, desde o punto de vista sintáctico, como OD canónico e verdadeiramente inobxectable, segundo se acaba de ver. A Meta é unha función semántica de amplo espectro, na que cabe xebrar dous grandes valores semánticos ou categorías noxionais distintas:

a) A Meta como *obxecto efectuado* ou *resultante* dunha acción creadora desa entidade. O esquema semántico é daquela sempre Axente-Meta, e esta ten plenas propiedades de OD. Exemplos:

O artista pintou *un fermoso cadro*. [O cadro non existía antes de ser pintada]
O rapaz inventou *unha escusa increíble*. [A escusa non existía antes de ser inventada]

b) A Meta como *obxecto afectado*, xeralmente dunha acción modificadora desa entidade (esquema semántico Axente-Meta), pero tamén ás veces dun proceso (esquema semántico Experimentador-Meta) e mesmo, máis

2 Vid. Cidrás (2003:87-90) para unha caracterización máis pormenorizada destas construcións con predicado causativo transitivado en galego. Téñase en conta que, consonte os postulados da GF de Dik (1997:8-9) asumidos nesa contribución, manteño nela a etiqueta de Axente para o que aquí denomino Causante.

raramente, dunha posición (estado controlado; esquema semántico Posicionador-Meta). Exemplos:

- Accións: O museo mercou *o cadro*. [O cadro xa existía, agora muda a súa propiedade]
 O cazador matou *un lobo*. [O lobo xa existía, agora muda o seu estado; *passim*]
- Procesos: Pepe esvarou e rompeu *unha perna*.
 Un amigo meu herdou *un pazo*.
- Posicións: O vello garda *os cartos* nun escondedoiro.
 O exército inimigo ocupou *o país* durante anos.

Os tres tipos están ordenados en orde decrecente de frecuencia de uso e tamén de prototipicidade como estruturas transitivas. O esquema Posicionador-Meta é con moito o menos frecuente, e a súa Meta é, dos tres, o OD máis atípico: igual que sucede cos de Cantidade e Referencia, non admite construción pasiva (Cidrás 1999:315-7). Non deben, porén, confundirse estas construcións estativas coas súas homomorfas de acción, das que estas son o estado resultante: *O vello gardou os cartos no escondedoiro* (Acción: ‘púxoos alí’) → *O vello garda alí os cartos* (Posición: ‘tenos alí’); *O exército ocupou o país hai agora dous anos* (Acción) → *O exército ocupa o país desde hai dous anos* (Posición). Os obxectos dos correlatos de acción teñen plenas propiedades de OD; os das posicións non.

7. A pesar da claridade nocional que amosa a distinción entre a Meta como obxecto efectuado e como obxecto afectado, non semella pertinente a súa diferenciación en termos de dúas funcións semánticas, pois non parecen asociadas a diferenzas de comportamento construtivo que sexan de relevo. Outro é, por contra, o caso das catro funcións presentadas —Cantidade, Referencia, Causante e a propia Meta— que resultan pertinentes e necesarias para dar conta de determinadas propiedades formais das construcións en que aparecen. Xa que logo, a través da figura sintáctica de OD podemos identificar, cunha mesma marca, cando menos as devanditas funcións semánticas. Asemade, o carácter polivalente do marcado complétase ao constataremos que todas e cada unha desas funcións poden igualmente aparecer identificadas a través doutras marcas formais distintas das de OD. Como instrumento polivalente e indirecto que é de identificación inequívoca de múltiples funcións semánticas, o OD constitúe un exemplo certo do mecanismo ou figura gramatical que recibe o nome de función sintáctica.

Bibliografía

- CHEVALIER, J. C. (1968): *Histoire de la syntaxe: naissance de la notion de complément dans la grammaire française (1530-1750)*. Genève: Droz.
- CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (1999): “Non todo se pode dicir por activa e por pasiva”, en R. Álvarez / D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 307-323.
- CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (2003): “Alternancias transitivo-intransitivo e formación de predicados en galego”, *Verba* 30, pp. 81-115.
- DANEŠ, F. (1964): “A three-level approach to syntax”, *Travaux Linguistiques de Prague* 1, pp. 225-240.
- DIK, S. C. (1997): *The theory of Functional Grammar. Part 2: Complex and derived constructions*. Berlín / New York: Mouton de Gruyter.
- DOWTY, D. (1991): “Thematic proto-roles and argument selection”, *Language* 67, pp. 577-619.
- DUCROT, O. (1972): “Fonctions syntaxiques”, en O. Ducrot / T. Todorov, *Dictionnaire Encyclopédique des Sciences du Langage*. París: Éditions du Seuil. Ed. port. orientada por E. Prado Coelho, *Dicionário das Ciências da Linguagem*. Lisboa: Dom Quixote 1978⁵, pp. 257-264.
- GARCÍA VELASCO, D. (2003): *Funcionalismo y lingüística: la Gramática Funcional de S. C. Dik*. Oviedo: Universidad.
- MORA GUTIÉRREZ, J. P. (2001): *Directed motion in English and Spanish*. Monografía de *Estudios de Lingüística Española* 11 (<http://elies.rediris.es/elies11/>)
- PALMER, F. R. (1994): *Grammatical roles and relations*. Cambridge: CUP.